



POPULARES



*Grupo Municipal Popular  
Santiago de Compostela*

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu debate en Pleno, a seguinte **MOCIÓN**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Vite, fundado hai xa 35 anos, é un centro importante, non só para o conxunto do sistema educativo do noso concello, senón que así é considerado tamén pola Xunta de Galicia.

A Consellería de Educación converteu as súas instalacións desde hai anos nun centro de referencia para a escolarización do alumnado con diversidade funcional.

O centro foi obxecto de continuas melloras e avances, tanto no relativo a equipamento como a persoal docente, que o teñen situado nun lugar destacado entre a oferta pública do noso contorno. Xunto con esa constante mellora, o centro rexistrou desde hai anos un notable descenso do seu alumnado o que lle permitiu un considerable avance da súa oferta educativa en todos os seus niveis educativos.

Coincidindo coa apertura do novo curso académico 2015-2016 constatouse un lixeiro repunte na matrícula tal e como se vén producindo desde o inicio desta década, pasándose dos 180 escolares do ano anterior a uns 196 no curso actual, repartidos nos tres grupos de educación infantil e sete de educación primaria.

O centro escolariza na actualidade a 8 alumnos do Concello de Santiago e doutros concellos que precisan axuda no desprazamento e que teñen necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que precisan da axuda de cuidadores.

A pesar de que o centro, segundo a información ofrecida pola Administración autonómica, dispón de 3 auxiliares coidadores a tempo total, agás un día á semana que conta con 2, a Asociación de Nais e Pais (ANPA) do centro considera que se trata dun número insuficiente para as necesidades existentes e vén reclamando unha dotación maior.


Esta demanda foi tratada no seo da Xunta de Portavoces municipal coa intención de analizar a situación e acadar un acordo de apoio ás demandas da ANPA, que se debería concretar nunha declaración institucional a subscribir por unanimidade entre os grupos con representación municipal.

Ante a imposibilidade por concretar un texto común, o Grupo Municipal Popular presenta para a aprobación, se procede, no Pleno Municipal o seguinte **ACORDO**:

1. O Pleno da Corporación Municipal de Santiago de Compostela, manifesta a súa preocupación pola conflictividade na que vive a comunidade educativa do colexio público de Vite, como consecuencia da necesidade de persoal docente e auxiliar que se está a rexistrar no inicio do actual curso escolar.
2. Esta Corporación Municipal e os grupos políticos que a integran apoian e defenden a demanda do CEIP de Vite para axustar o número de coidadores e de profesores especialistas en pedagogía terapéutica ás necesidades reais do centro.
3. O Concello reconece a defensa desta situación por parte da ANPA do CEIP de Vite e expresa o seu apoio á mesma, toda vez que é fundamental que se faciliten medias de apoio personalizadas e efectivas en contornos que fomenten ao máximo o desenvolvemento económico e social, de conformidade co obxecto da plena inclusión.

4. O Concello insta á Xunta de Galicia, como administración competente na materia, a que con carácter de urxencia tome as medidas oportunas para garantir unha resolución satisfactoria das demandas da comunidade educativa do colexio público de Vite. Con ese fin, instamos tamén á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que revise a catalogación actual deste colexio para axustar a súa cualificación e a súa ratio de profesorado e persoal auxiliar á realidade do alumnado con necesidades educativas especiais.

Santiago, a 1 de outubro de 2015



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA.

